

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 13 DE ABRIL DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 13 de abril de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:06 h.

HORA DE REMATE: 20:45 h.

ASISTENTES:

D. Bernardino Faro Lagoa (presidente en funcións), D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde), D^a Berta Pérez Hernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 2 de marzo de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 9 DE ABRIL DE
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.018.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.034.- A Carlos Enrique Nieto Fernández, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25/2015.- En relación coa solicitude de autorización previa para instalación solar fotovoltaica de autoconsumo, promovido por "CULTIVOS MARINOS VILANOVA, S.L.", a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica "CULTIVOS MARINOS VILANOVA, S.L.", no senso de tramitar en solo rústico de protección de costas e espazos naturais autorización autonómica para instalación solar fotovoltaica na cuberta da nave sita en Vilanova-O Hío, de conformidade co proxecto do 16 de decembro de 2014, o uso é autorizarlle pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.

2.A.3) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.330.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MANUEL FERNÁNDEZ MARTÍNEZ

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 1 de abril de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Manuel Fernández Martínez, para vivenda sita en Vilanova-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.616.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 23.387.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JOSE JUNCAL COSTA E OLAYA ANTEPAZO MARTÍNEZ

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 31 de marzo de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a José Juncal Costa e Olaya Antepazo Brun, para vivenda, sita en Seixo-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 22.479.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 23.942.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR GAVIN JOHN MATTHEWS E SILVIA CARRIL CALDELAS

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 25 de agosto de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a GAVIN JOHN MATTHEWS E SILVIA CARRIL CALDELAS, para vivenda, sita en Inxerto-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 22.949.

EXPEDIENTE N° 24.471.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "DASOMAR, S.L."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación o día 8 de abril de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "DASOMAR, S.L.", para vivenda sita en Eugenio Sequeiros, nº 20-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.419.

2.A.4) INFORME S/VIXENCIA DE LICENZA DE OBRAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

Dáse conta do seguinte informe emitido o día 10.4.15 pola xefa do Servizo de Urbanismo, referente a vixencia de licenza de obras a nome de Ana Portela Villar, que é como segue:

"Asunto: vixencia licenza obras"

INFORME

De conformidade co previsto nos artigos 172 e 175 do Regulamento de Organización e Funcionamento das entidades locais emito o seguinte INFORME con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de setembro de 2011, outorgouse licenza de obras a ANA PORTELA VILAR, para rehabilitar un semisoto 50,55 m²., adicionar unha planta baixa de 82,87 m²., 20,78 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 4,85 m²., de terrazas no lugar de Outeiro-Coiro, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto, José Díaz de la Iglesia de abril de 2011.

SEGUNDO.- O día 19 de marzo de 2015, rexistro de entrada nº 3461, Ana Portela Villar solicita a renovación da licenza, ao entender que esta está caducada.

TERCEIRO.- O día 23 de marzo de 2015 o arquitecto municipal informa que a documentación presentada segue cumprindo as determinacións da licenza de obra nº 22.881.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMEIRO.- As licenzas relativas ás condicións dunha obra ou instalación, teñen unha eficacia temporal; o que significan que despregan todos os seus efectos mentres non se dea algunha das circunstancias que segundo o ordenamento xurídico determine a súa extinción. Entre as causas de extinción das licenzas, figura a caducidade; que pretende evitar que unha licenza urbanística poida executarse no tempo cando lle conveña ao titular desta, eludindo así a colisión que se poida producir 'coa achaiadura de aplicación que pode ser diferente do que estaba vixente cando se outorgou a licenza.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), no seu art. 197 expresa o seguinte:

«1. No acto de outorgamento da licenza determináronse os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como, por causa de interrupción destas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. *A caducidade será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.»*

SEGUNDO.- Esta caducidade non se produce de xeito automático polo simple transcurso do prazo, como reiteradamente afirmou a xurisprudencia. É preciso previamente incoar expediente de caducidade; no que é trámite fundamental a audiencia do titular desta, e no que se debe ter a necesaria flexibilidade á vista das circunstancias que concorran no caso. O seu obxecto é precisar se realmente o incumprimento dos prazos é imputable a deixación ou abandono do titular desta, ou algo ten que ver niso o concello. O procedente, cando o prazo de construción se pasa, é instar a prórroga da licenza, pero no suposto que nos ocupa xa están fóra dos prazos establecidos para poder solicitala, polo que a solicitude dunha prórroga sería informada desfavorablemente.

En calquera caso, visto o informe do arquitecto municipal do día 23 de marzo de 2015 a edificación en construción segue cumprindo as determinacións urbanísticas.

Conforme ten declarada reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, para que se entenda caducada a licenza, debe ser declarada a caducidade pola administración previa tramitación do expediente de caducidade.

Así a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 2ª, Sentenza do 22 xuño 2002, rec. 3178/1997, sinala que: «non basta a inexecución da obra para entender caducada a licenza senón que, se a licenza se someteu a prazo de execución este non opera nunca automaticamente, como dixo esta sala en múltiples ocasións (sentenzas do 1 febreiro e 15 decembro de 1994, 24 de xullo de 1995, 16 de abril de 1997 e 24 de marzo de 1998), senón que require unha expresa declaración de caducidade que ten que ser remate dun expediente seguido con intervención do interesado, emisión de informes e acreditamento e ponderación de todas as circunstancias concurrentes, incluídas sobre todo, as que determinen a inactividad do titular da licenza».

*TERCEIRO.- E tamén, moi clarificador o traballo do maxistrado, Jesús Torres Martínez, «A caducidade das licenzas urbanísticas», publicado en *Práctica Urbanística*, Núm. 5, Sección *Que documentos necesito?*, Maio 2002, páx. 46, Editorial A LEI, cando di: «A xurisprudencia manifestouse de xeito reiterado respecto da necesidade de tramitar un procedemento administrativo con audiencia ao interesado para a declaración de caducidade da licenza. En tanto non se produciu a declaración de caducidade da licenza, esta conserva a súa eficacia e ata o dereito a solicitar unha prórroga do prazo concedido. Aínda que na licenza se fixe un prazo de validez, esta nunca opera automaticamente, requirindo unha expresa declaración de caducidade, con acreditación e ponderación de todas as circunstancias concurrentes. En ocasións, a xurisprudencia pronúnciase respecto da esixencia como requisito complementario dun requirimento da administración dirixido ao titular da*

licenza; debéndose, na notificación que se realice, apercibir ao administrado da caducidade, de forma que só se o interesado deixa transcorrer o prazo legalmente fixado, e sempre que a administración así o acorde mediante a oportuna resolución, a caducidade opera con todas as súas consecuencias.»

CUARTO.- Resulta probado que o titular da licenza non rematou a obra nos prazos previstos pero, tamén, que a administración municipal puido ter declarada a caducidade da licenza e non o fixo. Polo tanto, mentres non se declare a caducidade da licenza, esta segue en vigor e as obras poderían finalizarse, se non existise oposición municipal. Cómpre sinalar que a edificación segue cumprindo cos parámetros urbanísticos en vigor, de conformidade co informe emitido polo arquitecto municipal o día 23 de marzo de 2015, xa que a licenza de obras se outorgou o día 19 de setembro de 2015.

Polo exposto, quen emite este informe, salvo mellor criterio fundado en dereito.

Dá conta da eficacia da licenza de obras nº 22.881, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de setembro de 2011 a ANA PORTELA VILAR, para rehabilitar un semisoto 50,55 m²., adicionar unha planta baixa de 82,87 m²., e 20,78 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 4,85 de terrazas no lugar de Outeiro-Coiro, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto José Díaz de la Iglesia, de abril de 2011, ao non terse declarada expresamente a súa caducidade, de conformidade co previsto no artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da xefa do Servizo de Urbanismo, referente a vixencia de licenza de obras a nome de Ana Portela Villar.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.060.- José Manuel Pena Martínez, apertura oco para portal en Santa Marta-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.302.- Daniel Costas Gómez, cambio malla metálica e porta en Camiño Novo da Devesa, nº 20-Gandón-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.391.- Milagros Portela Veiga, reforma cuberta e reparación de fachadas en Xielas, nº 18-Coiro.

4º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA S/EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN PREDIOS PRIVADOS E EN ZONAS PÚBLICAS FÓRA DO ÁMBITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN PREDIOS PRIVADOS E EN ZONAS PÚBLICAS, FÓRA DO ÁMBITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.4.15, referente a explotación dos servizos de tempada en predios privados e en zonas públicas fóra do ámbito do Servizo Provincial de Costas, que dí o seguinte:

"ASUNTO: EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN PREDIOS PRIVADOS DO CONCELLO DE CANGAS E ZONA PÚBLICA FÓRA DO ÁMBITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS. ANO 2015

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Aberto o prazo, desde o 14 de febreiro ata o 19 de marzo, para que todos aqueles veciños/as interesados/as na instalación de quioscos de verán en terreo privado, presentarán o seu pedimento no rexistro de entrada do concello, de acordo coa documentación esixida no bando ditado pola Alcaldía, e presentadas as seguintes solicitudes:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>Situación</u>
<i>Primo Manuel Piñeiro Costas</i>	<i>Praia Areameán (Mexilloeiras-Viñó-O Hío).</i>
<i>Myriam Fernández Cordeiro</i>	<i>Praia de Barra (Nerga)-O Hío.</i>
<i>José A. Gago Nogueira</i>	<i>Donón, 26-O Hío.</i>
<i>Mª Trinidad Figueroa Gago</i>	<i>Donón, 58-O Hío.</i>
<i>Darío E. Rodríguez Bermúdez rúa</i>	<i>Praia do Medio-A Congorza, Balea (diante do antigo matadoiro)</i>

O bando cos criterios para a concesión de servizos de tempada foron expostos no taboleiro no taboleiro de anuncios do concello, indicando que o prazo da instalación será do 15 de maio ata o 30 de setembro do ano que andamos.

Con base no cumprimento dos requisitos esixidos no bando publicado, xunto coas solicitudes e documentación aportada polos/as interesados/as, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quiosco de verán en terreo privado aos solicitantes presentados, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía, e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión.

Nota:

** José A. Gago Nogueira debe facer o depósito da fianza correspondente a este ano.*

** Ma Trinidad Figueroa Gago solicita apertura ás 11:00 horas e peche ás 23:00 horas."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a explotación dos servizos de tempada en predios privados e en zonas públicas fóra do ámbito do Servizo Provincial de Costas.

4.B) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE PARQUE ACUÁTICO NA PRAIA DE RODEIRA

Dáse conta de escrito da Alcaldía do día 13.4.15, referente a solicitude de instalación de parque acuático na Praia de Rodeira, que dí o seguinte:

"Asunto: solicitude de instalación parque acuático en Praia de Rodeira

Recibido escrito, con data de rexistro de entrada do 26/03/2015, de Marcelo A. Fernández Moreira, como administrador da sociedade xurídica -El Chalé de Cangas, S.L.-, no que solicita permiso para a instalación de un parque acuático na Praia de Rodeira, o Concello de Cangas informa que:

** Presentado xa o plan de ocupación con servizos de tempada nas praias de Cangas para o ano 2015 no Servizo Provincial de Costas, no mes de abril do ano que andamos e sendo materia da súa competencia, do mencionado Servizo Provincial de Costas, o outorgamento de autorización para a instalación de un parque acuático na Praia de Rodeira, o Concello de Cangas, no ámbito das súas competencias, indica que non hai inconveniente para a instalación do mencionado parque dentro da zona acotada para o baño, segundo os planos presentados, e tendo en conta todas as medidas legais de seguridade e responsabilidade que correspondan segundo a lexislación vixente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento do escrito da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a solicitude de instalación de parque acuático na Praia de Rodeira.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

5.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
DAVID RODAL RODRÍGUEZ	Avda. de Vigo, núm. 136-baixo-Cangas. Deberase facer un rebaixe no bordo da beirarrúa e pintado de zona de exclusión na fronte do portal de acceso. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

5.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
RAFAEL CAMAÑO GESTIDO	Areacoba, nº 75-Aldán. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente, concedido en X.G.L. do día 8.8.07 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

5.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA AVDA. DE BUEU, NÚM. 38

Vista a solicitude presentada o día 7.4.15 por SANTIAGO ARROYO GARCÍA, administrador da CC.PP. "GARAJES AVDA. DE BUEU, 38", na que demanda reparación do chan do acceso ao garaxe e que se repinten as liñas amarelas da beirarrúa, así como o pintado na calzada, a zona de diante da porta do garaxe

e tamén a calzada para que quede sinalizada a zona onde está prohibido estacionar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido o día 9.4.15 pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado polo Sr. Arroyo García.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RECOÑECIMENTO DE CUSTOS DERIVADOS DO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 102/2014, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE LUIS CHORÉN VILAR E OUTROS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 9.3.15, referente a recoñecemento de custos derivados do procedemento abreviado nº 102/2014, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, a instancia de Luis Chorén Vilar e outros, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTOS DERIVADOS DO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 102/2014, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE LUIS CHORÉN VILAR E OUTROS (X- 14/14)

Visto o Auto ditado o día 01/04/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na execución definitiva 7/2015 dimanante da peza de taxación de custos 102/2014, instruído a instancia de Luis Chorén Vilar, Ramón Gago Baqueiro, David Villar Piñeiro, Evaristo Rivas Barcia, Francisco Santos González, José Carlos Romero Fernández e Enrique Lago Soto, do que se deu traslado a representación deste concello o 06/04/2015, e polo que se dá conta do escrito presentado polo letrado, Víctor Prieto Cervera-Mercadillo, instando a execución forzosa da sentenza firme ditada o día 28/11/2014 e solicitando que se proceda a execución dos custos procesais aprobados por decreto do día 6/03/2015 e que ascenden a 1 065,00 €, a cuxo pagamento resultou condenado este concello, e que ten o seguinte tenor literal:

** Ordenar á administración demandada a execución forzosa da sentenza firme, ditada o día 28 de novembro de 2014 e por conseguinte a execución do Decreto do día 6 de marzo de 2015, que aproba a tasación de costas por importe de 1 065,00 € e a cuxo pago foi condenado o Concello de Cangas.*

Todo iso no improrrogable prazo de 10 DÍAS, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, e previo apercibimento en forma do secretario xudicial, con audiencia das partes:

- *Poderán adoptar as medidas necesarias para lograr a súa efectividade.*
- *Poderán impoñer multas coercitivas de CENTO CINCUENTA a MIL CINCOCENTOS EUROS (150 a 1 500 euros) ás autoridades, funcionarios ou axentes, sen prexuízio de outras responsabilidades patrimoniais a que houbera lugar.*
- *Poderase deducir a oportuna testemuña de particulares para esixir a responsabilidade penal que puidera corresponder.'*

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do contido do referido Auto ditado o día 01/04/2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na execución definitiva 7/2015 dimanante da peza de taxación de custos 102/2014 derivado do Procedemento Abreviado nº 102/2014, instruído a instancia de Luis Chorén Vilar, Ramón Gago Baqueiro, David Villar Piñeiro, Evaristo Rivas Barcia, Francisco Santos González, José Carlos Romero Fernández e Enrique Lago Soto.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de MIL SESESENTA E CINCO EUROS (1 065,00 €) en concepto de custos procesais fixados no Decreto do día 06.03.2015 na execución definitiva 7/2015 dimanante da peza de taxación de custas 102/2014, derivada do Procedemento Abreviado 102/2014, tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra a instancia de Luis Chorén Vilar, Ramón Gago Baqueiro, David Villar Piñeiro, Evaristo Rivas Barcia, Francisco Santos González, José Carlos Romero Fernández e Enrique Lago Soto, coa intervención de letrada do avogado, Víctor Prieto Cervera-Mercadillo.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, coa advertencia a este último de que o prazo para efectuar o pagamento remata o vindeiro 20.04.2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recoñecemento de custos derivados do procedemento abreviado nº 102/2014, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, a instancia de Luis Chorén Vilar e outros.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

6.B) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO DA PEZA DE EXECUCIÓN Nº 23/2011, DIMANANTE DO PO 347/2004, DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº2 DE PONTEVEDRA

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 9.3.15, referente ao acordo a adoptar para o cumprimento da peza de execución nº 23/11, dimanante do P.O. 347/2004, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO DA PEZA DE EXECUCIÓN 23/2011, DIMANANTE DO PO Nº 347/2004, DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº2 DE PONTEVEDRA

Resultando que na sentenza nº 246/06 ditada polo Xulgado Contencioso nº 2 de Pontevedra o día 27 de decembro de 2006, no PO 347/2004, anulouse a licenza de obras outorgada a Rudesinda Bacelar Oubel por acordo de Xunta de Goberno do día 23 de setembro de 2004, para rehabilitar 40,77 m²., de planta baixa e 41,65 m²., de aproveitamento baixo cuberta dunha edificación sita en Espiñeira, nº 29- Aldán.

Visto que o día 11 de decembro de 2014 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza desestimando o recurso de apelación interposto fronte ao auto do día 15 de xullo de 2014, ditado na peza separada de execución nº 347/2004 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que inadmitía, e, en todo caso desestimaba, o incidente de inexecutabilidade por imposibilidade material presentado polo concello e acordaba que a execución seguise o seu curso, instouse a execución inminente da sentenza nº 246/06 ordenando a redación do proxecto de demolición que engoblase a demolición das obras indebidamente executadas, de conformidade coa citada sentenza, resolución notificada tanto ao arquitecto municipal como a Rudesinda Bacelar Oubel.

O proxecto de demolición foi redactado por parte do arquitecto municipal en data marzo de 2015, no que se detallan as partidas a executar cuxo orzamento ascende a 9.492,24 €.

Vista a retención de crédito efectuada polo departamento de Intervención o día 30 de marzo de 2015, nº de asento 001951, con cargo á partida orzamentaria 2015/0/150/22799/01, por importe de 9.492,24 €, para levar a cabo a demolición requirida.

De acordo co ata aquí exposto esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Que polo servizo de contratación se proceda, en cumprimento da sentenza nº 246/06 ditada polo Xulgado Contencioso nº 2 de Pontevedra o día

27 de decembro de 2006, no PO 347/2004, ao inicio do expediente de contratación para a demolición de parte da edificación propiedade de Rudesinda Bacelar Oubera, sita en Espiñeira, nº 29-Aldán, de conformidade co proxecto de demolición i redactado por parte do arquitecto municipal en marzo de 2015 . O presuposto xeral desta ascende a NOVE MIL CATROCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (9.492,24 €).

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de Intervención, Contratación e Urbanismo, así como, á parte denunciante como á denunciada e ao Xulgado Contencioso-Administrativo, nº 2 de Pontevedra, para os efectos de que, se o consideran, formulen alegacións a este no prazo de alegacións."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ao acordo a adoptar para o cumprimento da peza de execución nº 23/11, dimanante do P.O. 347/2004, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de Intervención, Contratación e Urbanismo, así como, á parte denunciante como á denunciada e ao Xulgado Contencioso-Administrativo, nº 2 de Pontevedra.

6.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 67/2015, DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº2 DE PONTEVEDRA

Dase conta de sentenza nº 67/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 238/2014, promovido por FRANCISCO MALLO PIÑEIRO, así como dos seguintes datos:

PA 238/2014.- SENTENZA 67/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2.

- Recorrente: FRANCISCO MALLO PIÑEIRO.
- Contido: desestima o recurso contencioso-administrativo presentado pola procuradora, Pilar Hermida Paredes, actuando en nome e representación de Francisco Mallo Piñeiro, contra a resolución do Concello de Cangas do 28/05/2014, desestimatoria do recurso de reposición contra a do día 18/01/2013, ditada en expediente sancionador nº 37/2012/S, na que se impuxo ao demandante a sanción de multa de 6001 euros por realización de obras no Lugar de Balea-Darbo, sen axustarse á licenza.
- Non se fai condena de costas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sentenza nº 67/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 238/2014, promovido por FRANCISCO MALLO PIÑEIRO.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN NOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL-2015

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.4.15, referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural-2015, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN NOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL-2015

Publicada a Resolución da Axencia Turismo de Galicia do día 6 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se anuncia a convocatoria para o ano 2015.

Reunindo as condicións que na orde se especifican e vistas as necesidades municipais, redactadase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado 'ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS', polo importe total de 57.268,48 euros

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Resolución da Axencia Turismo de Galicia do día 6 de marzo de 2015, unha axuda de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €) para desenvolver o proxecto de 'ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS', cun importe total de CINCUENTA E SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (57.268,48 €), e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

Segundo.- Que o día do 10 de outubro de 2014, este concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2013 ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este mesmo proxecto que se solicita."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural-2015.

B) INFORMES DE TESOURERÍA S/SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
JOSE MANUEL SANCHEZ AGULLA	FIANZA	2.590,06 €	SUBSTITUCIÓN DO AVAL CON FIANZA LIC. 16.308
ANCORADOURO	FIANZA	3.447,91 €	LIC.23.482
PAULA VILARIÑO GOBERNA E MANUEL ANGEL CAMBA SANMARTÍN	FIANZA	3.214,26 €	LIC.23.026
JUAN SOLIÑO LANZÓS	AVAL	2.881,30 €	LIC.21.930
CESAR SAA VILLAR E MILAGROS CORDEIRO MIRANDA	FIANZA	300,00 €	LIC.22.003
RAUL RIVEIRO GARCIA	FIANZA	369,00 €	LIC.22.161

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria
o presidente

Visto e prace